



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Bases do campamento de conciliación do Concello de Miño Verán 2021

1. Obxecto

O Concello de Miño pon en marcha o campamento de conciliación no verán 2021 para promover a igualdade e a socialización entre participantes. O fomento da igualdade de xénero é unha prioridade no campamento, xunto coa eliminación das desigualdades e a integración dos colectivos en risco de exclusión social. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

A situación sanitaria que estamos a vivir debido o COVID-19 condiciona fortemente o campamento, de tal forma adoptaranse as medidas oportunas para garantir as condicións sanitarias promovidas desde os órganos competentes. Limitaranse todas aquelas actividades que entendidas como “típicas” dun campamento, poñan en risco a saúde das/os participantes.

2. Destinatarios

O campamento de conciliación esta destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2009 e 2017 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **requisitos**:

- Empadroadas/os no Concello de Miño a 1 de marzo de 2021 ou fillas/os de persoas que acrediten ter un posto de traballo en Miño
- Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais.
- Horario de traballo de mañá ou de noite de ambos proxenitores ou titores legais de luns a venres.
- Ambos proxenitores ou titores legais sen vacacións no mes solicitado (valorarase a situación).

En caso de solicitantes con necesidades especiais, realizarase unha valoración en función de ditas necesidades, da capacidade do Concello de Miño, do funcionamento e da organización do campamento, para decidir se é viable ou non a súa participación.

De quedaren prazas valeiras valorarase a posibilidade de permitir a entrada a solicitantes que non cumpran os requisitos establecidos en función da capacidade do Concello de Miño e a organización e funcionamento do campamento.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

3. Descrición do Campamento

3.1. Datas

O campamento divídese en catro quendas: **primeira e segunda quincena de xullo e primeira e segunda quincena de agosto**. Poderanse solicitar as catro quendas pero darase preferencia a que tódolos solicitantes que cumpran os requisitos establecidos teñan concedido unha.

- Primeira quincena de xullo: do xoves 1 ao xoves 15
- Segunda quincena de xullo: do venres 16 ao venres 30
- Primeira quincena de agosto: do luns 2 ao venres 13
- Segunda quincena de agosto: do luns 16 ao martes 31

3.2. Lugar

O campamento levaranse a cabo en dous espazos diferentes:

- Local Social de Bemantes
- Escola Unitaria de Xarío .

3.3. Prazas

Debido a situación sanitaria na que nos atopamos, unha das principais adaptacións que nos vemos obrigados a realizar é a cantidade de prazas ofertadas e a súa agrupación. Ofértanse un total de 60 prazas cada quenda, marcándose un mínimo de 15 participantes para por en marcha o campamento en cada ubicación.

- Local Social de Bemantes: 30 prazas divididas en dous grupos de 15 participantes.
- Escola Unitaria de Xarío : 30 prazas divididas en dous grupos de 15 participantes.

Nin as nenas e nenos nin os monitores de cada grupo terán contacto cos doutros grupos, para manter en todo momento unha independencia que nos permita en caso de brote manter operativos os grupos non afectados. **No caso dun contaxio nun grupo, este será cancelado, mantendo os outros grupos grazas a súa independencia.**

Os solicitantes poderán seleccionar un lugar de preferencia entre as dúas opcións dispoñibles, pero corresponde ó Concello de Miño a decisión do lugar de asistencia en base a criterios de proximidade e estrutura do grupo (idades, horarios, etc.).

3.4. Horario

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Miño en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade. Os horarios que se ofrecen son:

- Entrada:
 - En calquera momento entre as 7.30 - 8.00 h.
 - En calquera momento entre as 8.30 - 9.00 h.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

- Ás 10.00 h.
- Saída:
 - Ás 14.00 h.
 - Ás 15.30 h. Non hai servizo de comedor, polo que deberán traer a comida da casa coa posibilidade de quentalo no microondas.

4. Preinscrición

O prazo de preinscrición para os dous meses é do **xoves 3 ao mércores 16 de xuño**. De quedaren prazas libres, poderanse apuntar unha vez finalizado o prazo.

A documentación complementaria a presentar coa preinscrición e a seguinte:

- DNI de proxenitores ou titores legais.
- Renta de ambos proxenitores ou titores legais do ano 2019 (presentada no 2020).
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais (un dos seguintes): vida laboral actual, recibo de autónomos actual ou nómina actual.
- Certificado de empresa co horario no mes solicitado de ambos proxenitores ou titores legais.
- Certificado de empresa coa data das vacacións no ano 2021 de ambos proxenitores ou titores legais
- De ser o caso, certificado de empresa que acredite que o proxenitor/a ou tutora/a legal traballa en Miño
- Documentación xustificativa doutras situacións familiares.

Presentación telemática na [Sede electrónica](#) do Concello de Miño ou presencial no Rexistro municipal.

5. Publicación da listaxe provisional e listaxe final

O **xoves 17 de xuño** publicarase na páxina web do Concello de Miño a listaxe provisional con aqueles solicitantes que aportaron toda a documentación e aqueles os que se lles require. O prazo para alegacións será do xoves 17 ao luns 21 de xuño ata ás 13.00 h.

- De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaranse **directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos**.
- De existir máis solicitudes que prazas, adxudicaranse ás prazas por criterio de renda.

O xoves 21 de xuño, publicarase a listaxe coa adxudicación de prazas e unha listaxe de reserva. O Concello de Miño gárdase a potestade de asignar directamente prazas previo informe de Servizos Sociais, por motivos de non exclusión ou necesidades especiais.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

6. Prazo de pago

O custo do campamento de conciliación réxese por prezo público, sen descontos aplicables. O pago realizarase mediante auto liquidación, mediante transferencia ou ingreso bancario en calquera das seguintes contas bancarias, de titularidade municipal.

- ABANCA: ES63-2080-0087-72-3110000015
- BBVA: ES84-0182-4300-74-0000000041
- SANTANDER: ES41-0049-2950-38-1010038930
- LA CAIXA: ES06-2100-6309-98-0200000446

Na transferencia debese indicar claramente: **Campamento Miño Respira, nome e apelidos da/o participante e o mes de asistencia.**

O prazo de pago para cada quenda é do 21 ao 30 de xuño. Unha vez realizada a transferencia, debese facilitar o xustificante bancario no correo electrónico: josefa.perez@concellodemino.gal con prazo máximo o 2 de xullo.

De non entregarse o xustificante bancario conforme o pago correctamente antes do prazo estipulado, implicará a perda da praza no campamento e a súa ocupación por un integrante da listaxe de reserva.

7. Renuncia a praza e devolución do importe

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo do mes.

No caso de contaxio por COVID-19 e de cancelación do grupo no que se produza, non se devolverá o importe do pago.

No caso dun rebrote e declararse de novo o estado de alarma ou cancelación da actividade por parte dos organismos competentes diferentes ó Concello de Miño non se devolverá o importe do pago unha vez comezada a actividade.

8. Medidas de hixiene e prevención

Durante o campamento manteranse as medidas hixiénicas e de prevención facilitadas polos organismos competente, nomeadamente as normas de referencia que publique Xunta de Galicia.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Tanto participantes como monitores do campamento deberán seguir en todo momento as medidas neste documento recollidas salvo que se realice unha publicación posterior para substituír ou actualizar dito documento.

As medidas persoais mínimas que deberán manterse son:

- Manter a distancia interpersonal de seguridade sempre e cando sexa posible. No caso de non ser factible, deberase empregar o uso de máscara tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes.
- As/os participantes deben traer a súa propia máscara á actividade.
- Hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas. É importante que, cando menos, esta hixiene de mans se realice tras cambiar de actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Evitar coller pertenzas alleas. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.

Para calquera dúbida ou máis información: josefa.perez@concellodemino.gal



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Declaración responsable campamento de conciliación Verán 2021

Dona/Don _____ con DNI _____
como proxenitor ou titor/a legal de: _____

Declaro responsablemente:

- A miña filla/o non está actualmente diagnosticada positiva de COVID-19.
- A miña filla/o non presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos o comezo da actividade.
- A miña filla/o non estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersoal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos o comezo da actividade.
- Acepto, as condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- Notificarei inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

En Miño a _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405

SOLICITUDE PRE-INSCRICIÓN PROGRAMA DE APOIO ÁS FAMILIAS NO VERÁN 2021

Nome e apelidos da/o nena/o: _____

_____ Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Nome e apelidos proxenitor/titor 1:

DNI: _____ **Ocupación:** _____

Tel.contacto: _____ **Correo electrónico:** _____

Nome e apelidos proxenitor/titor 2:

DNI: _____ **Ocupación:** _____

Tel.contacto: _____ **Correo electrónico:** _____

Quenda que solicita: ☐ 1ª Q XULLO ☐ 2ª Q XULLO ☐ 1ª Q AGOSTO ☐ 2ª Q AGOSTO

Preferencia: ☐ Perbes ☐ Bemantes

Entrada: ☐ 7:30 ☐ 9:00 ☐ 10:00

Saída: ☐ 14:00 ☐ 15:30



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405

Documentación que se adxunta:

☐	DNI dos proxenitores ou titores legais
☐	Vida laboral, recibo de autónomos ou cabeceira de nómina recentes
☐	Certificado de empresa indicando o horario nos meses de xullo e agosto
☐	Certificado de empresa indicando as datas das vacacións no ano 2020
☐	Outra documentación: certificación posto de traballo en Miño (se é o caso), etc

Datos médicos e outra información de interese:



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405

AUTORIZACIÓNS

Don/Dona _____

Con D.N.I. _____ como nai, pai ou titor legal da/o participante:

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES

Como (pai, nai, titor) da nena/o solicitante, autorizo a asistencia a dita actividade, incluíndo as saídas que se programen e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar na mesma.

☐ Autorizo ☐ Non autorizo

AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DATOS

☐ Autorizo ☐ Non autorizo

O Concello de Miño a realizar a consulta dos seus datos persoais necesarios para a tramitación desta solicitude, sempre garantindo un uso responsable dos mesmos e a súa confidencialidade. No caso de non autorizar será necesario achegar un certificado de empadramento actualizado con menos dun mes de antigüidade, así como outra documentación que poida ser necesaria para a inscrición.

AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES POLO CONCELLO DE MIÑO

Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei 7/2017, de 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, este Concello pide o consentimento aos proxenitores ou titores legais para poder utilizar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo, que con carácter pedagóxico, cultural e deportivo, se poidan realizar ás/aos nenas/os, nas diferentes secuencias e actividades realizadas polo Concello. .

☐ Autorizo ☐ Non autorizo

En Miño a _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 659 - 981 784 405



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Autorización para recollida campamento de conciliación Verán 2021

Dona/Don _____ con DNI _____
como proxenitor ou titor/a legal de: _____

Autorizo para recoller a miña filla/o do Campamento Conciliación Miño Respira 2021 a:

1. _____ con DNI _____
2. _____ con DNI _____
3. _____ con DNI _____
4. _____ con DNI _____
5. _____ con DNI _____
6. _____ con DNI _____

En Miño a _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____